

JL
VISTO E CONFORME
DATA 16/6/16

EXPTE: 12/2016 E.L. OBRA DE: "ACONDICIONAMENTO DAS PRAIAS DO T.M. DE SANXENXO PARA A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2016".

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta da concelleira de medio ambiente e contorno rural de data 14 de xuño de 2016, que a continuación se transcribe:

"ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista da proposta desta concellería de medioambiente e contorno rural sobre a incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 9 de xuño de 2016, que de xeito literal di:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE E CONTORNO RURAL

Aprobado o proxecto, por resolución da alcaldía de data 8 de xuño de 2016 e asinada a acta de replanteo polo enxeñeiro técnico municipal o mesmo día, **propón**:

- 1) A incoación do expediente de contratación "Acondicionamento das praias do T.M. de Sanxenxo para a tempada de verán do ano 2016", cun orzamento de SESENTA MIL CENTO VINTETRÉS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (60.123,70), IVE ENGADIDO.
- 2) Solicitar á empresa que se relaciona de seguido, oferta para a execución da obra referida e a documentación que se precise.

CONSTRUCCIONES TORRES BALBOA S.L: Lugar Casal S/N – 36969 Nantes (SANXENXO), Teléfono 986724540. "....."

Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requerida á empresa "CONSTRUCCIONES TORRES Y BALBOA, S.L.", en data 14 de xuño de 2016 (entrada nº 6137), **esta concellería propón**:

Adxudicar a execución das obras de "Acondicionamento das praias do T.M. de Sanxenxo para a tempada de verán do ano 2016", á empresa "CONSTRUCCIONES TORRES Y BALBOA S.L de acordo á oferta presentada, polo importe de SESENTA MIL CENTO VINTE E TRES EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (60.123,70), IVE engadido, cuxa duración é a que se recolle no Proxecto técnico, polo tanto o prazo de execución das obras rematará o 30 de setembro de 2016."....."

Esta alcaldía, resolve:

Primeiro: Adxudicar as obras de "Acondicionamento das praias do T.M. de Sanxenxo para a tempada de verán do ano 2016", á empresa "CONSTRUCCIONES TORRES Y BALBOA, S.L", de acordo á oferta presentada, polo importe de SESENTA MIL CENTO VINTE E TRES EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (60.123,70), IVE engadido, cuxa duración é a que

se recolle no Proxecto técnico, polo tanto o prazo de execución das obras rematará o 30 de setembro de 2016.

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 17004/22706 por un importe de 60.123,70 Euros (IVE engadido).

Terceiro: *No prazo máximo de cinco (5) días hábiles* a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo**, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adjudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrage estes custos.

Cuarto: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a firma do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobouse, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presencia do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a quince de xuño douce mil dezaseis.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita



ante min, o secretario accidental

Celestino Otero Camiña

